

MEMORIA RELATIVA AOS ANTECEDENTES, RAZÓNS DE OPORTUNIDADE E OBXECTIVOS PERSEGUIDOS COA APROBACIÓN DUN PLAN ESPECÍFICO DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS TURÍSTICOS CON ELEVADO INCREMENTO POBOACIONAL, PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL DURANTE A TEMPADA DE VERÁN DE 2022

O Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 126, do 4 de xullo), atribúelle a este departamento, a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de Administración Local así como as competencias en materia de asistencia á Administración Local e o fomento das liñas de colaboración coas Entidades Locais.

No mesmo Decreto de estrutura orgánica, o seu artigo 29 establece que é competencia da Dirección Xeral de Administración Local, as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.

A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, sinala que lles corresponde ás comunidades autónomas coordinar as actuacións das policía locais dentro do seu ámbito territorial. Co obxectivo de coordinar as policía locais do seu territorio, obter un funcionamento homoxéneo destes corpos e acadar unha acción conxunta e eficaz no sistema de seguridade pública galega promulgouse a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, que veu substituír á Lei 3/1992, do 23 de marzo, e na que se prevé que nos concellos con aumento notorio de poboación en tempadas determinadas poderase incrementar transitoriamente o seu cadro de persoal mediante a contratación de persoal con funcións de auxiliar de policía

Pola súa vez, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos principios de colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas; entre estas, a de seguridade en lugares públicos.

No marco xurídico descrito, a Xunta de Galicia ten entre os seus obxectivos potenciar e apoiar a prestación de servizos por parte dos nosos concellos como Administración máis próxima aos administrados; por este motivo atopa de interese colaborar cos concellos turísticos de Galicia no reforzamento da vixilancia e da seguridade durante a tempada de verán, aumentando a eficacia dos seus corpos de policía local no desenvolvemento das funcións que lle son propias. Con esta colaboración préstase asemade un apoio inequívoco ao mantemento dun importante tecido socioeconómico e da prestación de servizos e á mellora da convivencia no ámbito local, que é o máis próximo e que incide de xeito máis directo na cidadanía. Esta colaboración concrétese no apoio á contratación de persoal auxiliar de policía local durante a tempada de verán, de xeito que se preste un mellor servizo á poboación que nesas concellos reside e, en termos xerais, ao conxunto da poboación de Galicia.

As dificultades para afrontar os compromisos económicos que o reforzamento dos cadros da policía local durante a tempada de verán representan para as facendas municipais únense á necesaria aplicación de criterios de eficiencia na asignación dos recursos públicos, nun contexto de estabilidade orzamentaria que atinxe a todas as administracións públicas, sen que a

Administración local constitúa unha excepción neste sentido. Neste escenario, a Xunta de Galicia, no marco do fomento das liñas de colaboración coas entidades locais, apoia activamente o significativo esforzo en materia de seguridade cidadá e vixilancia que os concellos deben realizar, esforzo directamente relacionado co notorio incremento poboacional de carácter estacional do que é representativo o número de prazas de aloxamento con que estes concellos contan.

É nestes concellos onde se pon de manifesto a especial necesidade de protexer e de velar pola seguridade da cidadanía, aspecto en que os corpos de policía desempeñan, obviamente, un labor esencial; é por iso que a Xunta de Galicia quere apoiar mediante este plan o reforzamento dos cadros de persoal de policía local mediante a contratación temporal do persoal auxiliar.

O Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades galegas, de aplicación ás subvencións concedidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cuxos beneficiarios sexan as entidades locais galegas, contempla que o órgano competente para a concesión de subvencións poida elaborar un plan específico para liñas especiais de subvencións de carácter singular dirixidas ás entidades locais cando existan razóns de interese público, social, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria e así se recolla no plan.

En atención ao anteriormente exposto, estimando que concorren as circunstancias de interese público, polo que supón de apoio en materia de seguridade cidadá e vixilancia e de contribución ao mantemento dun importante tecido socioeconómico e da prestación de servizos, redundando todo iso na mellora da vida local que é o ámbito máis próximo e que incide de xeito máis directo na vida da cidadanía, elabórase o Plan Específico de Subvencións a concellos de Galicia para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2022.

Concellos beneficiarios e modalidades de axuda

A selección dos concellos subvencionados realízase con base no cumprimento dos seguintes requisitos:

1. Que teñan unha **poboación igual ou superior a 5.000 habitantes**, segundo as cifras oficiais de poboación de 2021, ofrecidas polo Instituto Galego de Estatística desde o padrón municipal de habitantes.
2. Que experimenten na tempada de verán un incremento estacional de poboación, medido polo número de prazas de aloxamento (hoteis, pensións, albergues turísticos, establecementos de turismo rural, apartamentos turísticos, campamentos de turismo e vivendas turísticas), cun **mínimo de 1.000 prazas**. Para a determinación deste requisito utilizáronse os últimos datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística, procedentes da Axencia Turismo de Galicia, referidos ao último ano dispoñible (2022).
3. Que teñan **declaración de municipio turístico galego**, de conformidade co establecido no Decreto 32/2015, do 19 de febreiro, polo que se regula a declaración de municipio turístico (DOG núm. 41, do 2 de marzo).
4. Que contén cun **corpo de policía local**, segundo os datos facilitados pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
5. Que participen no **proceso selectivo unitario** para a cobertura de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 14 de marzo de 2022 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca proceso selectivo unitario para a provisión, mediante contrato laboral temporal, de postos de auxiliares de policía local (DOG núm. 53, do 17 de marzo).

Alternativamente, que teñan convocados procesos selectivos para a cobertura de postos de auxiliares de policía local e **remitisen as bases reguladoras** para os efectos da emisión de ditame pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, segundo o previsto no artigo 16 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

A aplicación dos anteriores criterios de selección dá como resultado unha proposta a favor de 10 concellos. Son os que se relacionan a seguir:

Concello	Total prazas aloxamento 2022	Poboación (padrón 2021)	% prazas sobre total poboación	Declaración de concello turístico	Corpo Policía Local	Núm. efectivos corpo policía 2022	Procesos selectivos 2022
Cangas	3.600	26.708	13,48%	15/06/2001	SI	16	PSU
Grove, O	9.045	10.699	84,54%	03/01/2000	SI	11	PSU
Guarda, A	2.468	9.991	24,70%	15/06/2001	SI	5	PSU
Miño	1.527	6.423	23,77%	10/10/2000	SI	3	PSU
Nigrán	3.434	18.005	19,07%	24/08/2004	SI	17	PSU
Pobra do Caramiñal, A	1.393	9.291	14,99%	10/08/2004	SI	7	PSU
Poio	3.639	17.230	21,12%	02/06/2000	SI	12	PSU
Ribeira	2.614	26.839	9,74%	08/10/2001	SI	23	BBRR
Sanxenxo	27.442	17.635	155,61%	31/05/1999	SI	25	PSU
Vilagarcía de Arousa	2.041	37.545	5,44%	24/08/2004	SI	41	PSU

Estes concellos deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos, que acreditarán con carácter previo á formalización do convenio:

- Teren remitidas as contas do exercicio orzamentario 2020 ao Consello de Contas de Galicia. Este requisito deberá estar cumprido o 31 de maio de 2022, é dicir, antes do comezo do período subvencionable.
- Non estaren incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Gastos subvencionables e financiamento

Para a consecución do obxectivo a que se refire este plan, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes destinará ata un máximo de CENTO CORENTA E MIL EUROS (140.000,00 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.460.0 (C.P. 2015 00095), correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles en que incorrese o concello como consecuencia da contratación dos auxiliares de policía local durante a temporada de verán (xuño, xullo, agosto e setembro de 2022), aínda que se teñan producido con anterioridade á sinatura do convenio, sempre que se trate de gastos correspondentes ao período subvencionable.



O número de contratos temporais que efectúe o concello, e que subvencionará a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, non poderá superar o cincuenta por cento do persoal funcionario da policía local do concello peticionario, coa excepción prevista no artigo 95.7 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia.

Criterios de distribución

A distribución do crédito dispoñible, que ascende a 140.000,00 €, realízase con base nos seguintes criterios:

- Concellos en que o número de prazas de aloxamento represente máis do 50% sobre o total de poboación: 25.000,00 € (Sanxenxo e O Grove)
- Concellos en que o número de prazas de aloxamento represente máis do 20% sobre o total de poboación: 15.000,00 € (A Guarda, Miño e Poio)
- Concellos en que o número de prazas de aloxamento represente máis do 15% sobre o total de poboación: 12.000,00 € (Nigrán)
- Concellos en que o número de prazas de aloxamento represente menos do 15% sobre o total de poboación: 8.250,00 € (A Pobra do Caramiñal, Cangas, Ribeira, Vilagarcía de Arousa)

Concello	Delegación Territorial	Total prazas aloxamento 2022	Poboación (padrón 2021)	% prazas sobre total poboación	Importe da subvención
Sanxenxo	Pontevedra	27.442	17.635	155,61%	25.000
Grove, O	Pontevedra	9.045	10.699	84,54%	25.000
Guarda, A	Pontevedra	2.468	9.991	24,70%	15.000
Miño	A Coruña	1.527	6.423	23,77%	15.000
Poio	Pontevedra	3.639	17.230	21,12%	15.000
Nigrán	Vigo	3.434	18.005	19,07%	12.000
Pobra do Caramiñal, A	A Coruña	1.393	9.291	14,99%	8.250
Cangas	Vigo	3.600	26.708	13,48%	8.250
Ribeira	A Coruña	2.614	26.839	9,74%	8.250
Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	2.041	37.545	5,44%	8.250

TOTAL 140.000

Instrumento de concesión das subvencións e órgano instrutor

De conformidade co previsto no artigo 5.3 do Decreto 193/2011, do 7 de outubro, para a canalización das subvencións previstas neste plan específico formalizaranse os correspondentes convenios de colaboración con cada un dos concellos. Os convenios axustaranse ao modelo incorporado como anexo II ao Plan específico, que respecta o contido mínimo fixado polo devandito precepto regulamentario.

Mediante estes convenios contraeranse os compromisos económicos concretos que se deriven das obrigas asumidas pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para colaborar nas referidas contratacións.

A Dirección Xeral de Administración Local será o órgano competente para a instrución dos procedementos que deriven da aplicación deste Plan Específico de subvencións; en particular, corresponderalle a realización dos trámites necesarios e da obtención da documentación que os concellos deban achegar para a formalización dos convenios previstos neste plan.

A aprobación do Plan específico de subvencións a concellos turísticos con elevado incremento poboacional, para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2022 require os informes previos da Asesoría Xurídica, do Equipo de Axudas de Estado e da Intervención Delegada.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso
(documento asinado dixitalmente na marxe)